

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 31 DE OUTUBRO DE 2012

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día trinta e un de outubro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON XOSÉ ANTÓN BAO ABELLEIRA, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPESO GARCÍA, DONA PAZ ABRAIRA SOBRADO, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO e DON FRANCISCO JOSÉ FRAGA LÓPEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 24 de outubro de 2012.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para a rehabilitación de vivenda unifamiliar no núcleo rural de carballido, número 11, San Vicente do Veral; para reforma de vivenda de planta sexta b e adaptación ás normas de habitabilidade de vivendas de Galicia no edificio sito en solo urbano, na rúa Doutor Gasalla, número 28 e para a reforma e ampliación de edificio para centro parroquial na praza da Milagrosa, números 3-4.

Tamén se acorda a concesión de licenza de cambio de uso de vivenda a comercial en planta baixa e oficinas administrativas en plantas altas e baixo cuberta, no edificio sito na praza Campo Castelo, número 34.

Acórdase a aprobación do proxecto de ordenanza reguladora das comunicacións de obras menores.

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

2. SECCIÓN DE POLICÍA, TRÁFICO E TRANSPORTES.- Acórdase a aprobación do proxecto da ordenanza municipal de circulación.

ÁREA DE INFRAESTRUTURAS E AXENDA 21

ACTAS E GOBERNO

JACA/cvr

Refª: 12extractoxg45.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 31-10-2012

3. ENXEÑERÍA.- Apróbase a encomenda de xestión do concello de lugo a EVISLUSA, consistente na adaptación do proxecto de título “Proyecto de adecuación de accesibilidad al barrio del Sagrado Corazón desde la avenida Carlos Azcárraga (Lugo)”, de conformidade coas determinacións do servizo electromecánico e industrial e o Servizo de Enxeñería.

Lugo, 31 de outubro de 2012
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García